



CIRCULAR Nº: 101 /2017	DATA: 21 de febreiro de 2017
ÓRGANO EMISOR: SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO	
ASUNTO: Instrucións relativas a obriga de levar unha contabilidade separada ou código contable axeitado a que se refire o artigo 125.4.b) do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 , en relación as operacións cofinanciadas polo FSE.	

A Consellería de Economía, Emprego e Industria dentro da súa área de Emprego é a responsable da xestión de axudas que poderán ser cofinanciados polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe determinada para o período 2014-2020.

É por isto que este réxime de subvencións quedará suxeito, entre outros, ao Regulamento (UE) Nº 1303/2013, no que se establece que os beneficiarios de axudas ou subvencións cofinanciadas por Fondos Europeos deban acreditar que levan contabilidade separada ou código contable axeitado para os gastos obxecto de subvención.

O artigo 125 de dito Regulamento, no que se regulan as funcións da Autoridade de xestión, recolle no seu punto 4.b) o seguinte:

“garantizar que los beneficiarios que participan en la ejecución de las operaciones reembolsadas sobre la base de los costes subvencionables en los que se haya incurrido efectivamente o bien lleven un sistema de contabilidad aparte, o bien asignen un código contable adecuado a todas las transacciones relacionadas con un operación”



A partir do artigo 125 do citado Regulamento, tanto as Autoridades de Xestión como os Beneficiarios deben establecer os mecanismos esixibles que dean viabilidade ao cumprimento das obrigas que do mesmo derivan, coa fin de unificar os criterios interpretativos, e concretar a forma de dar cumprimento as mesmas.

Polo exposto, e no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira das ordes reguladoras dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN ÚNICA

Contabilidade separada ou código contable axeitado

Todas as entidades beneficiarias de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo deben acreditar que levan contabilidade separada ou código contable axeitado para os gastos obxecto de subvención, e coa fin de facilitar e axilizar a tramitación administrativa por parte das diferentes instancias intervintes no procedemento, achégase como Anexo I a GUIA DE INTERPRETACIÓN DO CONCEPTO DE CONTABILIDADE SEPARADA

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

A secretaria xeral de Emprego



Coyadonga Toça Carús

(ANEXO I)

GUIA DE INTERPRETACIÓN DO CONCEPTO DE CONTABILIDADE SEPARADA

De acordo co establecido no artigo 125.4.b) do Regulamento (CE) N° 1303/2013 , a obriga da contabilidade separada realizarase tendo en conta as normas de contabilidade nacional.

As persoas físicas non teñen a obriga de levar a cabo unha contabilidade, non sendo polo tanto esixible a obriga de contabilidade separada.

A finalidade da contabilidade separada é garantir que os gastos asociados a unha subvención están claramente identificados na contabilidade da entidade. **En ningún caso, o termo “contabilidade separada” esixe levar dúas contabilidades distintas a unha entidade.**

CÓMO LEVAR CONTABILIDADE SEPARADA

Dependendo dos programas informáticos de contabilidade que empreguen as entidades, caben distintas posibilidades:

- **Programas contables que permiten codificar os asentos contables cun código contable específico.**

O mesmo código permite a súa utilización nos asentos dos gastos e dos ingresos. Incluso permite imputar parte dun gasto, no caso de custos que non imputasen o 100% da subvención. Esta opción incluso permite establecer unha conta de perdas e ganancias enfrontando os gastos e os ingresos asociados a ese proxecto. Neste caso, a mesma, nunca podería ser positiva. Sempre botaría saldo cero ou negativo.

(Exemplo. Poderíanse codificar todos os ingresos e todos os gastos, así como os pagamentos relacionados cunha determinada operación co código FSE0000001)

➤ **Programas contables que non permiten codificar cun código contable específico**

Neste caso podería traballarse a nivel de subcontas codificando tanto as de gastos coma as de ingresos individualizándoas respecto ao resto, mediante subclasificacións. Por exemplo poderíase crear unha primeira clasificación, definindo aquelas axudas recibidas polo Fondo Social Europeo, e dentro desta establecer unha subclasificación, indicando ou detallando a proxecto ou a operación en concreto.

En definitiva, faríanse todas as subclasificacións que se consideren necesarias. Exemplo: Un proxecto de Lugo

Exemplo de anotacións contables:

Ingreso por subvencións

47080500 Hª Pª debedora por subvencións concedidas. (FSE)

74005000 Subvencións, doazóns e legados á Explotación. (FSE)

74005001 Subvencións, doazóns e legados á Explotación (FSE) para o proxecto XXX/2013/03/0008

O asento, do recoñecemento da subvención sería.

(47080500) Hª Pª debedora por

Subvencións concedidas (FSE)

a (74005001) Subvencións, doazóns e legados á Explotación (FSE) para o proxecto XXX/2013/03/0008

O asento de cobramento desta sería:

(57200005) Bancos e institucións de
crédito Caixa xxxxxxxxxx

a (47080500) H^a P^a debedora por
subvencións concedidas (FSE)

Gastos de persoal

No caso de ter que imputar unha conta de gastos unicamente nunha porcentaxe (custos indirectos), no mesmo asento se podería canalizar a partida de gastos en dúas subcontas, identificando unha delas coa parte que está cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

Por exemplo no caso de imputar unicamente unha porcentaxe da nómina.

64000000 gastos de persoal

64005000 gastos de persoal cofinanciados por Fondo Social Europeo.

64005001 gastos de persoal expediente XXX/2013/03/0008 cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

46505001 Remuneracións pendentes de pagamento de nóminas cofinanciadas polo FSE proxecto XXX/2013/03/0008



Exemplo. Imputación dun 25% da nómina do auxiliar correspondente a unha nómina de 1000 €.

250 (64005001)

750 (64000000)

a (46505001) Remuneracións
pendentes de pagamento nóminas
cofinanciadas. FSE proxecto

XXX/2013/03/0008

No resto de gastos imputables ao proxecto, o tratamento sería o mesmo pero utilizando as contas correspondentes,

Pagamento desta:

(46505001) Remuneracións pendentes de pagamento

a (57200001) Caixa xxxxxxxxxxxxxx.

No caso de que o Beneficiario fose unha **Entidade Local** (como é o caso de Escolas Taller, Talleres de Especialización Profesional, etc), a operativa sería a mesma, pero utilizando as contas que marque o Plan Xeral de Contabilidade Pública que lles sexa aplicable, atendendo ás instrucións ou normas específicas para Entidades Locais.



DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR NOS EXPEDIENTES PARA ACREDITAR A CONTABILIDADE SEPARADA OU CÓDIGO CONTABLE AXEITADO (DE SER PRECISO)

Caben dúas posibilidades dependendo do tipo de entidade:

- Entidades exentas da obriga de contabilidade separada: certificado que acredite a devandita exención
- Resto de entidades: extracto da contabilidade da entidade que permita verificar como se contabilizaron os gastos.

Os documentos contables achegados no expediente deben incluír:

- ✓ **Contas ou subcontas nas que se contabilizaron os gastos imputados**
- ✓ **Datas**
- ✓ **Números de asento contables**

Se as entidades o consideran necesario, os documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.